

**ACTA NUMERO TRINTA E OITO DAS CELEBRADAS POLA
CORPORACIÓN MUNICIPAL EN PLENO DESTE CONCELLO EN
SESIÓN ORDINARIA O DÍA VINTE E NOVE DE NOVEMBRO DE
DOUS MIL DEZ : - - - - -**

=====

PRESIDENTA:

D^a. Catalina González Bea

CONCELLEIROS/AS:

- D. Salvador Durán Bermúdez
- D^a M^a Paz Lago Martínez
- D. Ángel Casal Moldes
- D. Constantino Sanmartín Quiñones
- D^a Almudena Aguín Fernández
- D. Manuel López Méndez
- D. Martín Otero Otero
- D. Mario Caldas Agís
- D. David Otero Domínguez
- D^a Sandra Fernández Agraso
- D. Albino Caneda González
- D^a M^a Dulcinea Aguín Pombo
- D. José Ramón López Fernández
- D. José Luís Rodríguez Lorenzo

NON ASISTEN:

- D^a Gloria González Camiña
- D. Manuel Lores Puente

SECRETARIO :

D. Ángel Luís López Pita.

=====

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte e nove de novembro de dous mil dez, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa D^a. CATALINA GONZÁLEZ BEA, reuníronse os/as Sres/as. Concelleiros/as que ao marxe se relacionan co fin de celebra-la sesión ordinaria da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión.-----

A) PARTE DISPOSITIVA :

ACTAS ANTERIORES :

445º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS REALIZADAS OS DÍAS 27 DE SETEMBRO E 29 DE OUTUBRO DE 2010 . Pola **Sra. Presidenta** pregúntaselle aos asistentes á sesión se teñen que formular algunha observación as actas que se someten a aprobación.

Ao non se formular ningunha observación, aprobáronse as referenciadas actas por unanimidade dos membros da Corporación presentes.-----

446º) PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA APROBACIÓN DO CONVENIO, MODELO 101102 ENTRE OS CONCELLOS PONTEVEDRA, POIO E SANXENXO E A SOCIEDADE ESTATAL “AGUAS DE LA CUENCA DEL NORTE, S.A.” (acuaNorte). Polo **Sr. Secretario** dáse conta do dictame favorable da Comisión de Estudo, Informe ou Consulta de Asuntos Xerais de 25 de novembro sobre esta proposta.

Non se produce debate e a **Sra. Presidenta** someteu a proposta a votación que foi aprobada pola unanimidade dos membros da Corporación presentes e, en consecuencia, o Pleno da Corporación adoptou o seguinte acordo :

PRIMEIRO: Aprobar o convenio entre os Concellos de Pontevedra, Poio e Sanxenxo coa sociedade estatal Aguas de la Cuenca del Norte, S.A. (acuaNorte) para a construción e explotación da actuación “Novo abastecemento de auga a Pontevedra e a súa ría (marxe dereita) ” conforme á versión 101102, coa corrección do erro producido no cadro de distribución da financiación entre os entes intervenientes que figura na cláusula III, ao remate do apartado 4, no intre de cuantificar as aportacións dos Concellos de Poio e Sanxenxo, que deberán ser as seguintes:

- **Poio..... 7,41 %.....2.172.803,44 €.**
- **Sanxenxo.....6,51 %.....1.908.810,78 €.**

SEGUNDO: Aprobar o compromiso de incluír nos orzamentos do Concello de Sanxenxo para os anos 2011, 2012 e 2013 as seguintes cantidades, correspondentes á inversión por anualidade para a execución da obra, que figuran no Anexo III do convenio, versión 101102 e que a continuación se detallan, tendo en conta que a súa financiación deberase realizar conforme aos criterios expostos nos informes de intervención que figuran neste expediente.

Ano 2011: 162.248,92 €

Ano 2012: 725.348,10 €

Ano 2013: 1.021.213,77 €

TERCEIRO: Aprobar a previsión do compoñente fixo da tarifa que no seu día terá que abonar o Concello de Sanxenxo, que figura no Anexo IV do convenio, versión 101102 e que ten por obxecto compensar os custes de inversión financiados con

fondos propios de “acuaNorte”, os gastos xerais da sociedade estatal na parte proporcional que lle corresponda desta actuación e o deterioro do valor da infraestrutura hidráulica que se puidera producir durante a súa vida útil.

CUARTO: Cara a fase de explotación da infraestrutura hidráulica e a súa posible incidencia na actual concesión administrativa dos servizos de abastecemento de auga a domicilio, evacuación e tratamento de augas residuais, vixente ata o ano 2019, prever a posibilidade dunha modificación deste contrato entre as dúas partes, con referencia aos anos 2014 a 2019, a efectos de compatibilizar o sistema de explotación previsto no convenio, versión 101102 e a propia concesión administrativa.-----

447º) PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA ELECCIÓN DE XUIZ DE PAZ TITULAR DE SANXENXO. Polo Sr. Secretario dáse conta do dictame favorable da Comisión de Estudo, Informe ou Consulta de Asuntos Xerais de 25 de novembro sobre esta proposta.

Non se produce debate e a Sra. Presidenta someteu a proposta a votación que foi aprobada pola unanimidade dos membros da Corporación presentes e, en consecuencia, o Pleno da Corporación adoptou o seguinte acordo :

PRIMEIRO: Elixir a D^a DULCE MARÍA CRESPO DOMÍNGUEZ como Xuíz de Paz Titular de Sanxenxo por considerarse a candidata máis idónea.

SEGUNDO: Remitir certificación deste acordo ó Xulgado de 1^a Instancia e Instrucción de Cambados e á Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, dando cumprimento ó artigo 101.3 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.-----

B) ACTIVIDADE DO CONTROL DO PLENO:

448º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS DENDE O 17 DE SETEMBRO AO 19 DE NOVEMBRO DE 2010 (DE RES. Nº 1174/10 Á Nº 1530/10). A Sra. Presidenta expón que no expediente estiveron á disposición dos/as concelleiros/as as Resolucions da Alcaldía dictadas dende o 17 de setembro ao 19 de novembro de 2010, dando cumprimento ao disposto no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. Pregunta si se quere algunha aclaración. Non se formula ningunha.

A Corporación dáse por enteirada.-----

Seguidamente e, antes de pasar ao punto referido a rogos e preguntas, procedeuse a trata-las seguintes

MOCIONES :

449º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES (R. de entrada nº 9206 do 29/11/10): Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. Angel Casal Moldes, dáse lectura a moción que literalmente di:

""""D. Ángel Casal Moldes, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular do Concello de Sanxenxo, ao amparo do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presenta ante o Pleno da Corporación Municipal esta MOCIÓN, con base nos motivos e consideracións desenvolvidos na seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Neste ano de 2010, que está a piques de rematar, o fenómeno da violencia contra as mulleres por parte das súas parellas ou ex parellas, ten dado mostras evidentes de que aínda que existe un elevado grao de concienciación e rexeitamento da sociedade no seu conxunto contra esta clara manifestación de desigualdade e discriminación contra as mulleres, é moito o que temos por facer aínda para conseguir unha sociedade sen violencia.

Os casos máis graves que temos vivido ata esta data, evidencian como esa violencia ten como vítimas preferentes ás mulleres, pero afecta de xeito moi importante aos nenos e nenas, que son tamén vítimas ou testemuñas da violencia, con importantísimas secuelas para o seu desenvolvemento físico e psicolóxico.

A violencia de xénero só se pode erradicar desde a concienciación e a sensibilización de toda a sociedade, así como desde a educación das xeneracións máis novas nos valores da igualdade, a paz, a tolerancia e o rexeitamento da violencia.

Galicia conta cunha lei propia, a 11/2007, para traballar de xeito máis eficaz na eliminación desta lacra da nosa sociedade, e na que se articulan medidas para que a coordinación entre as diferentes administracións se reforce na procura de respostas áxiles e axeitadas.

Os concellos teñen un importante papel de prevención e atención ás vítimas, e por elo, a súa implicación na resposta eficaz aos casos que se presenten nos seus límites é absolutamente necesaria.

Por todo elo, o grupo do Partido Popular no concello de Sanxenxo eleva ao pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Rexeitar calquera tipo de violencia que se exerza contra as mulleres, e moi particularmente a violencia que se exerce contra as mulleres no seo das parellas.

2. Solicitar ao goberno da Xunta de Galicia que impulse todas as medidas precisas para erradicar este fenómeno, particularmente aquelas contidas na lei galega 11/2007.

3. Seguir impulsando actuacións dende á administración local, para que facilite ao máximo o acceso das mulleres aos recursos existentes, reforzando actuacións e manter as

mesas de coordinación a nivel local e protocolos de actuación ante os novos casos.

4.Solicitar ao goberno de España que extenda a protección da lei orgánica 1/2004 de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, aos e ás menores, por entender que son vítimas, directas ou indirectas, da violencia que se exerce sobre as súas nais, dotando orzamentariamente esta importante modificación de xeito adecuado e suficiente.

5.Solicitar ás administracións estatal e autonómica que continúen velando porque os medios de comunicación adopten as medidas oportunas para que o tratamento informativo da violencia contra as mulleres se manteña no respecto debido ás vítimas e ao seu contorno.”””””

O Sr. Casal Moldes, voceiro do Grupo Municipal do PP, xustificou a urxencia da moción no feito de que o día 25 de novembro é o día dedicado contra a violencia de xénero e a necesidade de seguir adoptando medidas para combater esta lacra.

A continuación a **Sra. Presidenta** someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada pola unanimidade dos membros da Corporación presentes.

O Sr. Casal Moldes indicou que se leva feito moito nesta materia como a consecución dunha sociedade máis sensible a este problema e unha maior coordinación entre as distintas partes, pero queda moito por realizar e é necesario seguir proponendo medidas con especial incidencia na defensa dos nenos.

A **Sra. Aguíñ Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, manifestou que, evidentemente, votaría a favor da moción pero reprochoulle ao Partido Popular que predicen unha cousa e fan outra, posto que no goberno autonómico se está seguindo unha política de redución de gastos coa eliminación da Secretaría Xeral de Igualdade, o que vai en contra deste obxectivo.

O Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto, preguntou se o Sr. Casal Moldes dera lectura ao derradeiro parágrafo da moción, contestando o interpelado en senso negativo e dando lectura a continuación a parte do texto que faltaba. **O concelleiro do Grupo Mixto** lamentouse que por moitas mocións que se aproben a solución deste problema é de carácter educacional para eliminar o espírito machista que aínda existe na sociedade.

O Sr. Casal Moldes, ante a intervención da voceira do grupo socialista, dixo que lamentaba que se fixera política nunha moción deste carácter que, como figura no acordo, se dirixe a todas as administracións.

A **Sra. Aguíñ Pombo** subliñou que as cousas para facelas necesitan medios e a redución de recursos orzamentarios é unha cuestión política, engadindo que o PSOE vai a apoiar a moción e xa presentou outras nesta mesma dirección.

A **Sra. Alcaldesa** lamentou que a pésima xestión socialista no goberno do estado dera lugar ao recorte de gastos que obrigan a xestionar mellor dende os concellos, engadindo que se amosaba completamente de acordo coa eliminación de determinados

entes que creou o bipartito e que non valían para nada, posto que estes problemas se deben afrontar dende os concellos por ser esta a administración máis cercana aos veciños.

Ao non producirse máis intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a moción a votación, que foi aprobada por unanimidade dos membros da Corporación presentes.-----

450º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA O IMPULSO DUN PLAN DE XESTIÓN INTEGRAL DA CONCA DO RÍO UMIA (R. de entrada nº 9204 do 29/11/10): Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, **D. Angel Casal Moldes**, dáse lectura a moción que literalmente di:

”””””D. Ángel Casal Moldes, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular do Concello de Sanxenxo, ao amparo do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presenta ante o Pleno da Corporación Municipal esta MOCIÓN, con base nos motivos e consideracións desenvolvidos na seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende o ano 2006, e coincidindo coa fin do verán e o comezo do outono, prodúcese no Encoro de A Baxe, no concello de Caldas de Reis, un fenómeno medioambiental coa proliferación da alga ou cianobacteria coñecida coma *Microcystis* spp., cuxas causas responden a múltiples factores, ademais dos climatolóxicos propios nesa época do ano.

Esta situación, non corrixida dende que se detectara a raíz das análises feitas tra-la catástrofe da química Brenntag acontecida o 1 de setembro daquel ano, pon en risco potencial non só o abastecemento de auga potable aos Concellos que captan a súa auga de consumo no Río Umia, senón tamén supón un perigo evidente para a flora e fauna do contorno deste río, un dos máis castigados de Galicia.

Por todo elo este grupo municipal entende que é urxente e inaprazable que dende a administración autonómica, tra-la análise exhaustiva e rigorosa dos datos obtidos durante estes últimos meses, se poñan en marcha cantas medidas sexan necesarias coa fin de garantir, en primeiro termo, o abastecemento de auga potable aos Concellos que se provén de auga neste río, mais tamén que esas accións eviten nos vindeiros anos os blooms de cianobacterias no Río Umia, nomeadamente no contorno do Encoro de A Baxe.

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular de Sanxenxo presenta para a súa aprobación, se procede, o seguinte

ACORDO

Impulsar un Plan de Xestión Integral da Conca do Río Umia que incorpore as medidas precisas para garantir a calidade das augas, de xeito especial as que se regulan no encoro de A Baxe e das que se provén os concellos do tramo final deste curso fluvial. O citado Plan de Xestión deberá estar concretado no ano 2011 e, conforme a el, no vindeiro ano deberanse iniciar por parte do Goberno galego as actuacións tendentes a acadar o citado obxectivo.

Igualmente, este Plan de Xestión deberá determinar as medidas que aseguren o abastecemento ás poboacións que na actualidade se provén do dito río Umia, con accións de

o encoro empeorou a calidade de vida dos cidadáns e solo favoreceu as empresas de electricidade, existindo numerosas análises que vinculan o problema actual ao encoro. Por último rematou a súa intervención dicindo que a moción é un mero lavado de cara do PP e non ten contido, polo que non van a apoiala.

A **Sra. Aguín Pombo** sinalou que cando as cousas se fan mal e coa oposición de tres concellos ao final se sofren as consecuencias. Ao Sr. Casal Moldes indicoulle que non está lexitimado nin el nin o Partido Popular para falar da xestión na boa época económica, lembrando ao efecto ó “ plan Galicia da época de Fraga”.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** aclarou que no seu día non estaba de acordo coa construción do encoro pero agora hai que solucionar o problema existente, razón pola que vai a apoiar a moción, entendendo que non se realice unha cuantificación cando aínda non se concretan as medidas a executar.

A **Sra. Alcaldesa** indicoulle á Sra. Aguín Pombo se estaba disposta a apoiar a moción no caso de que se incluíra no acordo a solicitude de dotación de partida orzamentaria para resolver este asunto. A continuación indicou que na moción se fala de toda a conca, non so do encoro, por iso se trata dun plan de xestión integral para poñer en valor o Río Umia, garantindo o abastecemento de auga aos concellos entre os que se atopa Sanxenxo, ademais indicoulle á voceira do PSOE que na época do bipartito se tiraron 600.000 euros en obras en dito encoro. Ao Sr. Otero Domínguez reprochoulle que tiveron catro anos no goberno para actuar en contra do encoro e non o fixeron porque a realidade é que se necesita a auga para o consumo dos cidadáns.

A **Sra. Aguín Pombo** amosou o seu apoio a moción en caso de inclusión da referencia á partida orzamentaria.

Ao non producirse máis intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a moción a votación coa engádega da dotación de partida orzamentaria, acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 12 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto)

Votos en contra: 0

Abstencións: 3 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego)

En consecuencia, pola maioría absoluta dos/as concelleiros/as asistentes a sesión, resultou aprobada a moción, adoptándose o seguinte acordo:

- Impulsar un Plan de Xestión Integral da Conca do Río Umia que incorpore as medidas precisas para garantir a calidade das augas, de xeito especial as que se regulan no encoro de A Baxe e das que se provén os concellos do tramo final deste curso fluvial. O citado Plan de Xestión deberá estar concretado no ano 2011 e, conforme a el, no vindeiro ano deberanse iniciar por parte do Goberno galego as actuacións tendentes a acadar o citado obxectivo.

- Igualmente, este Plan de Xestión deberá determinar as medidas que aseguren o abastecemento ás poboacións que na actualidade se provén do dito río Umia,

con accións de mellora ou reforzo das instalacións de tratamento municipais e optimización da capacidade de regulación do encoro de A Baxe para tratar de garantir o subministro na época estival.

- Que se inclúan nos orzamentos da Xunta de Galicia unha partida orzamentaria para executar este plan.-----

451º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE O CONFLITO DO SAHARA (R. de entrada nº 9205 do 29/11/10): Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, **D. Angel Casal Moldes**, dáse lectura a moción que literalmente di:

“”””D. Ángel Casal Moldes, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular do Concello de Sanxenxo, ao amparo do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presenta ante o Pleno da Corporación Municipal esta MOCIÓN, con base nos motivos e consideracións desenvolvidos na seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nas derradeiras datas, se ven desenrolando no Sahara un conflito de extremada violencia exercida contra o pobo saharauí, tanto no Campamento “*Dignidad*” coma en “*El Aaiún*”, por parte de Marrocos.

España estivo tradicionalmente sempre a favor da autodeterminación do Sahara, pero despois dos últimos acontecementos, o goberno do estado, resistiuse a condenar a violencia exercida por Marrocos, alegando que ninguén o fixera.

Dende o Partido Popular, cremos que se debe condenar a vulneración dos dereitos humanos no Sahara, porque non hai ningún interese superior ao do respecto pola vida humana, e polo tanto, debe facerse unha condena expresa.

Cando gobernou o PP se conseguiu que a ONU dictara por unanimidade, unha resolución que recoñecía coma oficial a posición de España sobre o Sahara e instaurouse a *neutralidade activa*, consistente en incentivar permanentemente a ambas partes a avanzar na resolución do conflito, pero o goberno socialista de agora, mudou de xeito irresponsable a postura tradicional de España, ignorando a Resolución 1495 da ONU.

Co silencio, traizóase ao pobo saharauí por negarlle a opinión para resolver a súa situación, traizóase a defensa universal dos dereitos humanos que debe facer España e traizóase unha posible solución política e pacífica liderada pola ONU.

Por todo elo, o grupo municipal do Partido Popular no concello de Sanxenxo eleva ao pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS

1º. Condenar e lamentar as mortes producidas no Campamento próximo a *El Aaiún*.

2 º. Manifestar a necesidade de que o goberno central, a UE e a ONU, se involucren activamente na resolución pacífica deste conflito.

O **Sr. Otero Domínguez** aludiu que os argumentos eran mezquinos por afán electoralista se ben, era evidente que había motivos máis que de sobra para cuestionar a actuación do goberno español nos últimos acontecementos acaecidos no Sahara. En canto ao rexeitamento da violencia lamentou que o PP non houbera seguido noutras intervencións militares que se realizaron fora do territorio español. Por último volveu a salientar o feito de que o PP incorporara unha moción súa a referencia a autodeterminación dos pobos, que é aplicable non só a este caso e engadiu que tampouco pode afirmarse que este concello se destacara tampouco nas actuacións de acollemento a nenos procedentes do Sahara.

A **Sra. Alcaldesa** aparte do contido da moción indicou o interese na defensa da mesma pola vinculación con moitas familias do concello que acollen nenos saharauis e defendeu a actuación do goberno municipal neste sentido e dos servizos sociais do concello, ao revés que noutros gobernados polo BNG.

Ao non producirse máis intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a moción a votación, que foi aprobada por unanimidade de todos os membros de dereito presentes cuxo texto final é o seguinte:

“”””D. Ángel Casal Moldes, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular do Concello de Sanxenxo, ao amparo do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presenta ante o Pleno da Corporación Municipal esta MOCIÓN, con base nos motivos e consideracións desenvolvidos na seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nas derradeiras datas, se ven desenrolando no Sahara un conflito de extremada violencia exercida contra o pobo saharauí, tanto no Campamento “*Dignidad*” coma en “*El Aaiún*”, por parte de Marrocos.

España estivo tradicionalmente sempre a favor da autodeterminación do Sahara.

Dende o Partido Popular, cremos que se debe condenar a vulneración dos dereitos humanos no Sahara, porque non hai ningún interese superior ao do respecto pola vida humana, e polo tanto, debe facerse unha condena expresa.

Cando gobernou o PP se conseguiu que a ONU dictara por unanimidade, unha resolución que recoñecía coma oficial a posición de España sobre o Sahara e instaurouse a *neutralidade activa*, consistente en incentivar permanentemente a ambas partes a avanzar na resolución do conflito.

Por todo elo, o grupo municipal do Partido Popular no concello de Sanxenxo eleva ao pleno a adopción dos seguintes

1º. Condenar e lamentar as mortes producidas no Campamento próximo a *El Aaiún*.

2 º. Manifestar a necesidade de que o goberno central, a UE e a ONU, se involucren activamente na resolución pacífica deste conflito.

3º Manifestar o respaldo ao dereito do pobo saharauí á autodeterminación que

Ile conceden reiteradas resolucións da Asemblea Xeral e do Consello de Seguridade de Nacións Unidas, que se exercerá por medio dun referendo libre, xusto, imparcial e baixo a tutela e dirección de Nacións Unidas.

4º Darlle traslado do presente acordo ao Goberno de España, a través da súa Vicepresidencia Primeira, a todos os Grupos Parlamentarios das Cortes Españolas e á Xunta de Galicia.”””””-----

452º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO ESIXINDO O MANTEMENTO DO “NOITEBUS” (R. de entrada nº 9204 do 29/11/10): Polo voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, D. David Otero Domínguez, dáse lectura a moción que literalmente di:

”””””D. David Otero Domínguez, portavoz do Grupo Municipal do **Bloque Nacionalista Galego (BNG)** no Concello de SANXENXO

EXPÓN:

O PP, a través da Xunta de Galiza, vén de anunciar a súa intención de suprimir o servizo coñecido como Noitebus. Esta iniciativa, posta en marcha na pasada lexislatura, forma parte das actuacións destinadas a mellorar a seguranza viaria e reducir a sinistralidade, cubrindo as necesidades de desprazamento nocturno da mocidade. A demanda que rexistrou desde a súa posta en funcionamento dan boa mostra de que é un servizo necesario do que non se pode prescindir.

É lamentábel, á par que unha irresponsabilidade, escoitar do Presidente do Goberno Galego que “este é un servizo que resulta innecesario nun momento de dificultades económicas”, cando persoas expertas nesta materia fixeron público o seu desacordo nestes mesmos días. A propia Dirección Xeral de Tráfico (DGT) afirma que “este servizo ten demostrado a súa eficacia, ademais de contribuíu a eliminar vítimas e a concienciar sobre a conducción segura”. Tamén a plataforma Stop Accidentes uniuse a estas manifestacións para cualificar a pretensión do goberno do PP de “desastre”, para engadir que “sempre é máis barato previr que lamentar”.

O BNG considera un auténtico desatino a intención do PP e o anuncio feito polo Presidente da Xunta. Os fondos destinados a previr os accidentes e dar servizos á xente nova non poden considerarse un dispendio. Por outra parte o custe do servizo é perfectamente asumíbel pola Xunta de Galiza. No ano 2010 a Xunta dedicou ao Noitebus pouco máis de 4,5 millóns de euros, unha cifra que representa o 0,5% do orzamento da Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Un investimento moi inferior ao gasto que o goberno do PP está a facer en propaganda e publicidade desde a Xunta de Galiza. O normal é que os recortes se realicen no ámbito da propaganda e non en servizos que cumpren unha función social evidente. A Xunta de Galiza debe rectificar esta decisión e manter o funcionamento dun servizo que ten demostrado a súa necesidade e utilidade.

Polo o exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO: Instar á Xunta de Galiza a manter o funcionamento do servizo de transporte público nocturno a lugares de lecer (Noitebus), sen aplicar ningunha redución das rutas existentes e mellorando a súa dotación e funcionamento no conxunto do territorio galego.”””””

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do BNG**, xustificou a urxencia polo interese que ten o evitar que se elimine por temas económicos un servizo xa implantado e que evitaba accidentes.

A continuación a **Sra. Presidenta** someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada pola unanimidade dos membros da Corporación presentes.

O **Sr. Otero Domínguez** subliñou que existían suficientes antecedentes que amosaban a eficacia deste servizo non xustificándose por ningunha outra razón, que non sexa a económica, a súa supresión e máis neste concello que oferta ocio nocturno e aí moitos desprazamentos en vehículo polo que, este servizo garantía a seguridade e evitaba sinistralidade.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, aludiu a que este xa se trataba dun debate reiterado e habería que preguntarse porque se creou e quen o creou. Manifestou que se creou para evitar as consecuencias en termos de accidentes da realidade que é o botellón e o creou, acertadamente, o Partido Popular manténdoo posteriormente o bipartito, preguntándose porque non se está de acordo en este servizo cando se salvan vidas, resultando paradoxal que a influencia do alcol nas estradas se utilice vía multas para recadar e que as administracións non aporten medios para evitar os efectos do alcol. Finalmente aludiu a que Sanxenxo é un importante receptor de xoves para o ocio nocturno existindo un problema que hai que asumir e tratar de solucionar.

A **Sra. Alcaldesa** indicou que o servizo, nun principio, parecía moi adecuado, por canto se trata de evitar accidentes, pero a hora da verdade, o servizo non pode funcionar como o estaba a facer, sen control sobre a idade dos que o utilizan e que en moitos casos, xa viñan co alcol para consumilo nesta localidade, non considerando adecuado que con medios públicos se fomentara finalmente o abuso do alcol de forma gratuíta o que acaba prexudicando aos rapaces, aparte dos estragos que se ocasionan na propia localidade, pedindo por todo elo a retirada da moción e anunciando que de non ser así votarían en contra da mesma.

O **Sr. Otero Domínguez** indicou que un servizo que dende a consellería se dicía que o ano pasado foi un éxito, agora resulte contraproducente e se suprima. Tamén sinalou que neste concello onde dende varios medios, incluído o plan xeral se oferta ocio nocturno, o que carrega o consumo de alcol debería ser o máis interesado en manter este servizo, intervindo neste intre a Sra. Alcaldesa para manifestar que este concello non solicitou este servizo.

O **concelleiro do BNG** continuou aludindo a que a realidade é que se vai a suprimir un servizo que produce beneficios e que dende distintos organismos e plataformas se consideran moi positivo.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** precisou que o feito de que puidesen utilizar o “noitebus” menores non era escusa para suprimir o servizo, en todo caso, habería que regulalo, lamentando que por cuestións económicas se deixe sen efecto este servizo cuxa instauración foi de aplaudir.

A **Sra. Alcaldesa** salientou que o plan xeral aparte de zonas de ocio permitiu o uso hostaleiro que supón un decisivo beneficio para este concello, aclarando que precisamente onde por lei está regulado o uso de alcol por menores é nos locais de ocio. En cambio, neste servizo non estaba absolutamente regulado e pode entender que para a Dirección Xeral de Tráfico o servizo sexa positivo pois o ve dende os seus propios obxectivos pero, tamén hai que ter en conta os prexuízos que se causaban no senso de facilitar con medios públicos o consumo de alcol en menores, o que considera negativo.

Ao non producirse máis intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a moción a votación, acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 6 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 9 (Grupo Municipal do Partido Popular).

En consecuencia, non resultou aprobada a moción.-----

453º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO DEMANDANDO ATENCIÓN E SERVIZOS DE CALIDADE NA SANIDADE PÚBLICA (R. de entrada nº 9202 do 29/11/10): Polo voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, **D. David Otero Domínguez**, dáse lectura a moción que literalmente di:

“”””D. David Otero Domínguez, portavoz do Grupo Municipal do **Bloque Nacionalista Galego (BNG)** no Concello de SANXENXO fai a seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Existe moita preocupación entre a cidadanía pola situación e perspectivas da sanidade pública tanto do noso concello como da Área de Saúde á que pertencemos.

Nos últimos anos estamos observando e sufrindo unha deterioración dos servizos públicos que se concretan no caso da sanidade nun incremento das listas de espera, incluso en atención primaria; nun incremento da derivación a centros privados concertados; no peche dos hospitais pola tarde, na paralización do Plan de Mellora da Atención Primaria e ultimamente na ameaza de privatización e financiamento público privado das novas infraestruturas sanitarias. Todo isto acompañado e, en parte, motivado pola redución de gasto sanitario público e a redución de recursos correspondente.

Creemos que estamos ante un momento importante para o noso concello, na que a Corporación Municipal, como representantes do conxunto da cidadanía, e indistintamente da forza política á que pertencen os seus membros, deben estar á altura do que os veciños e veciñas demandan e traballar conxuntamente para que no noso concello se poida dispor e acceder a servizos da sanidade públicos de calidade.

Non se pode nin se deben admitir os intolerábeis niveis de saturación e de falta de medios e de recursos sanitarios que se están a producir. Os concellos da Área de Saúde á que pertencemos, necesitan uns servizos públicos de sanidade acordes co desenvolvemento social, cultural e democrático dos tempos actuais.

Polo o exposto, solicitamos do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Demandar ao Goberno galego a adecuación dos orzamentos da Consellaría de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde ás necesidades reais de contratación de persoal, cubrindo en todo momento o 100% das ausencias por enfermidade, permisos e vacacións, que eviten a actual mingua da calidade asistencial.

SEGUNDO. Exixir que, de forma inmediata, se doten dos recursos necesarios os centros de saúde do concello para evitar listas de espera .

TERCEIRO. Revisar os concertos cos hospitais e clínicas privadas e eliminar aqueles que non sexan necesarios, tal como dispón a Lei Xeral de Sanidade.

CUARTO. Manter o Plan de Mellora de Atención Primaria, garantindo a adecuación dos tempos de consulta médica, a extensión dos coidados e plans de coidados de enfermaría e dos servizos administrativos de atención ao usuario.

QUINTO. Redución drástica das listas de espera e tempos de demora das consultas de atención especializada, probas diagnósticas, cirurxía e procedementos terapéuticos.

SEXTO. Paliar a carencia de recursos públicos sociosanitarios da Área Sanitaria, actualmente moi insuficientes, dadas as características de idade da nosa poboación.

SÉTIMO. Manter os compromisos económicos establecidos coa nosa Área Sanitaria, para desenvolver o Plan Director de Infraestruturas Sanitarias 2008-2013 e o Plan de Investimentos en Alta Tecnoloxía Médica.

OITAVO. Financiar a construción e equipamento de infraestruturas sanitarias mediante financiamento público 100% a través do capítulo IV de Orzamentos do Servizo Galego de Saúde ou, na súa falta, mediante a empresa pública de investimentos Sociedade Pública de Investimentos de Galiza (SPI).

NOVENO. Apoiar cos medios dispoñíbeis as actuacións das organizacións de defensa da sanidade pública galega e local.

DÉCIMO. Trasladar o presente acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, á Conselleira de Sanidade e ao conxunto da poboación, dándolle a máxima difusión posíbel cos medios dispoñíbeis no Concello. """"""

O Sr. **Otero Domínguez**, voceiro do Grupo Municipal do BNG, xustificou a urxencia polo interese en introducir na sanidade pública o financiamento privado que é obxecto de importantes mobilizacións en contra para defender o carácter público da sanidade, o que tamén ten reflexo neste concello para conseguir que nos centros de atención primaria do mesmo poidan existir as maiores especialidades posibles.

A continuación a **Sra. Presidenta** someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada pola unanimidade dos membros da Corporación presentes.

O Sr. **Otero Domínguez**, salientou que se estaba sucumbindo ante as presións das grandes corporacións privadas con financiamento deste carácter para a implantación de servizos e construción de novos equipamentos, actuacións similares as que se veñen realizando noutras comunidades autónomas coa finalidade de reducir o gasto sanitario ocasionando un deterioro na sanidade pública.

A **Sra. Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, dixo que votaría a favor da moción e que estaba de acordo cunha sanidade pública, universal e de balde.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, tamén indicou que votaría a favor da moción pero reiteroulle ao poñente da mesma o xa manifestado en anteriores plenos, respecto de que facilitara o contido das mocións cun mínimo de 24 horas para que se puidesen coñecer e tomar unha postura sobre as mesmas.

A **Sra. Alcaldesa** sinalou que o Partido Popular apoia a sanidade pública indicando que non se pode mesturar o financiamento da construción dos hospitais coa sanidade pública, poñendo por exemplo, que a piscina municipal de Sanxenxo se explota directamente pero, a súa limpeza está privatizada. Polo tanto, indicou que apoiaría moción sempre que se retirara da mesma os puntos oitavo e noveno.

O **Sr. Otero Domínguez** aludiu a que si retiraba eses puntos esta moción sería a do Partido Popular pero non a súa, e, en consecuencia, mantén o texto da mesma, engadindo que se pretende transplantar a Galicia o modelo das comunidades de Madrid e Valencia con empresas privadas xestionando servizos de sanidade.

Ao non producirse máis intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a moción a votación, acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: **6(Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).**

Votos en contra: **9 (Grupo Municipal do Partido Popular).**

En consecuencia, non resultou aprobada a moción.-----

454º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO SOLICITANDO A DEVOLUCIÓN DO CANON DIXITAL (R. de entrada nº 9203 do 29/11/10): Polo voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, **D. David Otero Domínguez**, dáse lectura a moción que literalmente di:

“”””D. David Otero Domínguez, portavoz do Grupo Municipal do **Bloque Nacionalista Galego (BNG)** no Concello de SANXENXO fai a seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A reforma do texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual (TRPLI), aprobada polo Real Decreto Lexislativo 1/1996, de 12 de abril, levada a cabo pola Lei 23/2006, de 7 de xullo, supuxo, entre outras cousas, a reforma do réxime de compensación equitativa por copia privada, definindo un procedemento específico para a determinación da compensación equitativa aplicábel aos equipos, aparellos electrónicos.

Así mesmo, a Orde PRE/1743/2008, de 18 de xuño, estableceu a relación de equipos, aparellos electrónicos e outros soportes materiais suxeitos ao pagamento da compensación equitativa por copia privada, as cantidades aplicábeis a cada un deles e a distribución entre as diferentes modalidades de reprodución. Compensación que a cidadanía

coñece como “canon dixital”, de pagamento obrigado para todos os usuarios e usuarias dos devanditos equipos e soportes electrónicos.

O noso Concello utiliza un importante número de equipos e dispositivos afectados todos eles polo canon dixital e que se utilizan exclusivamente para as funcións relacionadas coas actividades que lle son propias e cos contidos xerados polo propio Concello. Actividades que non teñen nada que ver cos contidos suxeitos a dereitos de propiedade intelectual.

No escenario actual, cunha situación económica precaria dos concellos debida, en parte importante, á asunción de competencias impropias sen a dotación económica correspondente para que enriba fosen penalizados con este canon totalmente impropio e inxusto e a favor dunhas entidades de xestión de dereitos de autor (como a SGAE) moi lonxe de ser transparentes e cuns métodos de actuación extensivamente cuestionados.

Dende a entrada en vigor do “canon dixital”, ademais de terse rexistrado unha importante mobilización social de rexeitamento desta medida, varios Xulgados e Audiencias Provinciais pronunciáronse a prol de quen reclamou contra o pagamento do canon e demostraron que a fin do soporte ou equipo non era a copia privada. O propio Consello de Estado, no seu ditame de 18 de marzo sobre a Lei de Economía Sostíbel, recomendou ao Goberno Central medidas dirixidas “á transparencia das entidades de xestión dos dereitos de autor” e un sistema de canon que non presupón que cada soporte gravábel se vai usar para copiar material protexido.

No pasado mes de outubro a Sala Terceira do Tribunal de Xustiza da Unión Europea ditou sentenza firme a respecto do canon dixital, fallando que “a aplicación indiscriminada do canon por copia privada, en particular en relación cos equipos, aparatos e soportes de reprodución dixital que non se puxeran a disposición de usuarios e usuarias privados e que estean manifestamente reservados a usos distintos á realización de copias privadas, non resulta conforme á Directiva 2001/29”; isto é, que o chamado canon dixital non pode cobrarse ás administracións públicas.

En agarda da transposición á lexislación do Estado da sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea o noso Concello debe activar os mecanismos necesarios para poder reclamar a devolución daquelas cantidades que pagara en concepto do canon dixital.

Por todo isto, propoñémolle ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Proceder á cuantificación das cantidades abonadas en concepto de canon dixital correspondente aos soportes e equipos adquiridos polo Concello, empresas municipais e outras entidades dependentes dende a entrada en vigor da Orde PRE/1743/2008 até a transposición á lexislación estatal da sentenza do Tribunal de Xustiza Europeo.

Reclamar, ás empresas provedores e ás entidades de xestión de dereitos de propiedade intelectual, a devolución do canon dixital xa abonado resultante da citada cuantificación.

Instar á Xunta de Galiza a que actúe como referente para outras administracións e empresas afectadas e, xa que logo, poña en marcha os mecanismos necesarios para reclamarlle ás entidades de xestión de dereitos da propiedade intelectual a devolución das cantidades abonadas pola Administración galega en concepto do canon dixital.

Dar traslado destes acordos á Presidencia da Xunta de Galiza para que se lle traslade ao Presidente do Goberno Central, así como aos Grupos Parlamentarios do Parlamento de Galiza.”””””

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do BNG**, xustificou a urxencia no feito de que se trataba dunha medida que non consideraba aplicable á administración pública e máis despois dunha sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, razón pola que, en defensa dos intereses públicos se presenta esta moción.

A continuación a **Sra. Presidenta** someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada pola unanimidade dos membros da Corporación presentes.

O **Sr. Otero Domínguez** reiterouse nos argumentos expostos na moción e na súa anterior intervención sobre a errónea imposición indiscriminada do canon dixital.

A **Sra. Alcaldesa** manifestou que votaría a favor da moción.

Ao non producirse máis intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a moción a votación, que foi aprobada pola unanimidade dos membros de dereito da corporación presentes.-----

455º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO SOLICITANDO A MODIFICACIÓN DO PROXECTO DE SEGURIDADE VIAL DA PO-308 DENDE PORTONOVO A LANZADA (R. de entrada nº 8707 do 17/11/10): Pola **voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, Dna. Dulcinea Aguín Pombo**, dáse lectura a moción que literalmente di:

“”””O Grupo Municipal Socialista (Ps de G-PSOE) no Concello de Sanxenxo a través do súa voceira Dulcinea Aguín Pombo e ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986) presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte **MOCIÓN:**

Todos los veciños/as de Sanxenxo estamos dacordo da necesidade dun proxecto de seguridade vial na PO-308 dende Portonovo-A Lanzada. Un proxecto moi demandado dende fai moitos anos.

Nesta zona hai moitos comercios e negocios de hostelería. O devandito proxecto sería unha forma de fomentar e potenciar a desestacionalización do turismo ademáis de garantir a seguridade de todos los peóns que transitan pola devandita estrada.

O proxecto de seguridade vial para esta zona ten que manter e incrementar as prazas de aparcamento existentes en todo o percorrido, dotar de aceras todo o percorrido, alumeadado público, etc.

O proxecto actual de seguridade vial que pretende executar a Consellería de Medi Ambiente, Infraestruturas e Territorio lexos de cumprir cos obxectivos anteriormente mencionados é completamente perxudicial para o comercio, hostelería e os intereses de todos los veciños/as de Sanxenxo.

Este proxecto conleva o malestar dos veciños de Portonovo-A Lanzada porque observan como a execución do mesmo nos termos que están redactados é perxudicial para os intereses de Sanxenxo.

Por todo elo, solicitamos ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

ACORDO:

1º Instar a la Consellería de Medio Ambiente, Infraestructuras e Territorio a modificación do proxecto de seguridade vial da PO-308 dende Portonovo a Lanzada recollendo as alegacións presentadas polos veciños ó mencionado proxecto.

2º Instar a la Consellería de Medio Ambiente, Infraestructuras e Territorio a manter a “suposta” partida económica existente de dez millóns de euros para levar a cabo a execución do proxecto de seguridade vial e destinala a execución do mesmo proxecto unha vez que se proceda a modificación do mesmo.”””””

A **Sra. Aguíñ Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo** xustificou a urxencia no feito de que a consellería de medio ambiente está tramitando as actas previas de ocupación dos terreos para a execución da obra e, dado que o proxecto tal como se atopa redactado, é negativo para os intereses do concello é polo que cre conveniente o tratamento desta moción.

A continuación a **Sra. Presidenta** someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada pola unanimidade dos membros da Corporación presentes.

A **Sra. Aguíñ Pombo**, reitera as argumentacións expostas na moción e na súa anterior intervención e engade que xa fai mais dun ano que se preocupa pola tramitación deste proxecto e durante este período o grupo de goberno tivo tempo de sobra para coñecer estas actuacións que afectan dunha maneira grave aos veciños de Sanxenxo.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do BNG**, sinalou que se atopaba de acordo co exposto pola voceiro do grupo socialista, explicando que estivo presente na reunión que houbo en Noalla sobre este tema e pareceulle admirable a actitude benévola dos afectados polo vial, posto que para este concello este proxecto é inaceptable, ao realizarse para priorizar a circulación dos vehículos sen ter en conta nada máis, considerando dende un punto de vista estratéxico e tendo en conta o carácter turístico do concello de Sanxenxo como algo negativo, debéndose retirar o proxecto para proceder a unha profunda revisión do mesmo.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, dixo que estaba na mesma liña do manifestado polos anteriores concelleiros entendendo que a mellor forma de actuar era que se retirara o proxecto e se fixera outro novo e, engadindo que lle gustaría que se estivese debatendo o proxecto en si e as alegacións ao mesmo xa que el non as coñece.

A **Sra. Alcaldesa** empezou dicindo que o proxecto exposto ao público non vale e o que si era adecuado era o que o concello redactou pero que se considerou que non cumpría a lei de seguridade viaria, razón pola cal dende a consellería de política territorial se redactou un novo proxecto que non lle gusta a ninguén. Continuou manifestando que apoiaría a moción porque nela se indica o que xa ven facendo o concello dende que entrou o proxecto no concello. Agora se ten a posibilidade de mellorar profundamente o proxecto porque o actual non vale para nada e se se sigue con el sería a primeira en

poñerse en contra da súa execución.

A **Sra. Aguín Pombo** indicou que a alcaldes na súa intervención anterior recoñeceu que coñecía o proxecto dende xuño do ano pasado, en cambio o 22 de febreiro do ano 2010 a interviniente solicitou o proxecto e se lle contestou ao día seguinte dicindo que non dispoñía de ningunha copia do proxecto, petición que foi reiterada no mes de marzo. Engadiu que xa en xuño de 2009 preguntou sobre o proxecto en sesión plenaria e contestóuselle en xaneiro de 2010 que se estaba realizando un novo proxecto pero que aínda non se dispoñía del. A pregunta do grupo socialista no Parlamento Galego o 14 de xuño de 2009 se indicaba que o proxecto estaba rematado e en fase de supervisión. De todo o anterior se deduce que a alcaldesa ou mentía cando dixo que descoñecía o proxecto ou sinxelamente non se enterou de nada e solo procedeu a actuar cando se creou a plataforma en contra do proxecto. A continuación procedeu a ensinar un plano do proxecto de setembro de 2008 cunhas características diferentes por completo do proxecto actual. Finalmente rematou que a alcaldesa leva enganando á xente máis dun ano e que o que ten que facer é por riba de todo defender os intereses e aos veciños de Sanxenxo por enriba do seu partido.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** indicou que alcaldesa ten como norte a mentira, quérese dar por enterada de todo cando non ten idea e mete a pata, que foi o que lle pasou neste tema polo que debía recoñecer o erro e actuar para que se proceda a retirar o proxecto.

A **Sra. Alcaldesa** indicoulle á Sra. Aguín Pombo que cada vez que lle contestou que non estaba o proxecto era porque realmente non o había no concello e o que se expuxo en xuño deste ano estaba rematadamente mal incluso dende o punto de vista do levantamento topográfico razón pola que ela incluso se opuxo a que se dera a coñecer aos veciños nese estado. A continuación preguntouse onde estaba o proxecto do 2008 ao que aludiu a Sra. Aguín Pombo xa que o único coñecido é o de febreiro de 2009 que é o que se está tramitando agora, engadindo que o que non se pode é a súa vez enganar aos veciños cun proxecto descoñecido como o de 2008.

Ao non producirse máis intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a moción a votación que foi aprobada por unanimidade por todos os membros de dereito, nos termos antes redactados.-----

456º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO SOLICITANDO A REVISIÓN DOS PASOS DE PEÓNS QUE EXISTEN NO CONCELLO (R. de entrada nº 8708 do 17/11/10): Pola voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, **Dna. Dulcinea Aguín Pombo**, dáse lectura a moción que literalmente dí:

“”””O Grupo Municipal Socialista (Ps de G-PSOE) no Concello de Sanxenxo a través do súa voceira Dulcinea Aguín Pombo e ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986) presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte **MOCIÓN:**

Moitos pasos de peóns que se atopan pintados nas estradas autonómicas, da Deputación e Locais están case sen pintura e outros mal ubicados.

A mala ubicación dos pasos de peóns nas estradas do Concello de Sanxenxo suponen un grave risco para os peóns así coo para os vehículos que transitan polas mencionadas estradas. A ubicación de moitos de estes pasos de peóns atópanse en zonas que non están sinalizadas e hai moi pouca visibilidade.

Un de estes casos atopámoslos na estrada Sanxenxo-Portevedra a altura dos Cotos, hai dous pasos de peóns un antes de xirar hacia Dorrón e outro posterior, tanto si transitas dirección Pontevedra-Sanxenxo como viceversa, non vés o paso de peóns e cando o visualizas xas estás enriba do mesmo.

Outro dos pasos de peóns que se atopan nesta situación están na rúa Progreso antes da rotonda de Arnelas que xira hacia Portonovo. Todos los vehículos que veñen dirección Vinquiño-Portonovo unha vez que bordean a rotonda atopanse enriba do paso de peóns, sendo moi pouco o marxen de tempo para frear.

Isto supón un grave perigo para os peóns que utilizan os mencionados pasos de peóns.

Casos como estes atópanse moitos nas estradas de este Concello.

Por todo elo, solicitamos ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

ACORDO:

1º Revisión da ubicación de todos los pasos de peóns que se atopan nas diferentes estradas do Concello de Sanxenxo así como o pintado dos mesmos.”””””

A **Sra. Aguíñ Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, xustificou a urxencia baseándose en que todos os asuntos referentes a seguridade viaria deben ser considerados como urxentes.

A continuación a **Sra. Presidenta** someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada pola unanimidade dos membros da Corporación presentes.

A **Sra. Aguíñ Pombo**, reitera as argumentacións expostas na moción e na súa anterior intervención.

Ao non producirse máis intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a moción a votación que foi aprobada por unanimidade por todos os membros de dereito, nos termos antes redactados.-----

457º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO SOLICITANDO A POSTA EN FUNCIONAMENTO DUN SERVIZO DE ODONTOLOXÍA NO CENTRO DE SAÚDE DE BALTAR (R. de entrada nº 8852 do 22/11/10): Pola voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, **Dna. Dulcinea Aguíñ Pombo**, dáse lectura a moción que literalmente dí:

”””””O Grupo Municipal Socialista (Ps de G-PSOE) no Concello de Sanxenxo a

través do súa voceira Dulcinea Aguín Pombo e ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986) presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte **MOCIÓN**:

O pasado mes de Xullo o servizo que viña prestando a Unidade de Odontoloxía no Centro de Saúde de Baltar foi traspasado ó novo Centro de Vilalonga. Case cinco meses despois é manifesto que esta decisión está xerando moitas queixas e provocando un grande malestar entre os usuarios deste Centro de Saúde.

Denunciamos que por culpa dunha desafortunada decisión política o Centro de Saúde de Baltar teña sufrido a supresión dun servizo tan importante como o de Odontoloxía e que agora moitos veciños afectados véxanse obrigados a desprazarse ata Vilalonga para acudir ó dentista.

Non entendemos o por qué desta decisión pero, de calquera xeito, queremos argumentar na súa contra, pois consideramos que se trata dunha medida que perxudica a gran parte dos veciños de Portonovo, especialmente a aqueles menos favorecidos ou con dificultades para desprazarse ata Vilalonga, e que, polo tanto, se ven privados dun servizo do que antes sí disfrutaban.

Por todo elo, solicitamos ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

ACORDO:

1. Instar á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia a posta en funcionamento dunha nova Unidade de Odontoloxía no Centro de Saúde de Baltar en Portonovo. “”””

A **Sra. Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, xustificou a urxencia no feito de que todos os temas que afecten a sanidade dos veciños teñen este carácter.

A continuación a **Sra. Presidenta** someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada pola unanimidade dos membros da Corporación presentes.

A **Sra. Aguín Pombo** indicou que dende o traslado da consulta de odontoloxía ao centro de saúde de Vilalonga se incrementaron as listas de espera ao atender a unha area sanitaria maior, razón pola cal podería xustificarse que tamén houbera consulta de odontoloxía no centro de saúde de Baltar.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, sinalou que non podía meterse as diversas parroquias do concello en confrontación e, aínda que el votaría a favor da moción tamén é certo que o diñeiro público é de todos e habería que procurar instalar os servizos onde realmente son necesarios.

A **Sra. Fernández Agraso, concelleira do Grupo Municipal do BNG**, sinalou que o que había que coñecer era si a ratio de pacientes permitiría que se creara unha consulta de odontoloxía no centro de Baltar o que cría posible porque, dende que esta se trasladou a Vilalonga, se atende a pacientes de varios concellos, xa que a cuestión non se trata de parroquias senón de áreas sanitarias.

A **Sra. Alcaldesa** díxolle ao Sr. Rodríguez Lorenzo que fora consecuente e polo tanto votara en contra desta moción demagóxica. Continuo dicindo que existen dous centros municipais, en Baltar e Vilalonga e lembrou que cando odontoloxía se encontraba no primeiro deles, compartía dependencia con outra especialidade, o que agora non se da xa que, en Vilalonga se dispón dunhas instalacións máis adecuadas. En resumida conta, os servizos teñen que prestarse onde estean as mellores instalacións e esas están agora en Vilalonga, engadindo que polo que hai que traballar era por incrementar os servizos, non por duplicar os que xa se teñen indicando que parece difícil ter dúas consultas de odontoloxía cando hai outros concellos que non teñen ningunha e teñen que vir aquí.

A **Sra. Aguíñ Pombo** indicou que o que se debería sempre é defender e non perder os dereitos que xa estivesen consolidados como a consulta que xa se tiña de odontoloxía en Baltar e logo, si existe necesidade que cubrir, procurar amplialos e isto sucede porque dende que se trasladou a Vilalonga as listas de espera aumentaron.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** reiterou que non se podían crear enfrontamentos cos veciños e se a mellor situación é onde está, hai que defendela. A continuación o interviniente dixo que cinguíndose á moción a votaría a favor e lembrou que a capitalidade do concello non é precisamente a que mellor servizos sanitarios ten.

A **Sra. Fernández Agraso** indicoulle á Sra. Alcaldesa que os centros municipais non teñen esa condición por canto dan cobertura a veciños de outros concellos se agora e, aínda coa consulta en Vilalonga de odontoloxía, podería cumprirse a ratio para poder ter outra en Baltar pola necesidade de atender a veciños de varios concellos, debe defenderse esta posibilidade.

A **Sra. Alcaldesa** indicou que mantería o voto en contra e precisou que dos dous centros de saúde que existen no concello un, o de Baltar, é de titularidade municipal correspondéndolle ao concello o mantemento, se ben, xa están os trámites realizados para pasalos ao Servizo Galego de Saúde. Por último reiterou que se o concello pide dous odontólogos que farán outros que xa teñen que vir a Sanxenxo polo que cre máis positivo buscar unha ampliación con outros servizos que duplicar os existentes.

Ao non producirse máis intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a moción a votación, acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 6 (Grupo Municipal do BNG, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 9 (Grupo Municipal do PP).

En consecuencia, non resultou aprobada a moción.-----

458º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO EN RELACIÓN AO POSIBLE EMPRAZAMENTO DE “MITSUBISHI” NO PARQUE EMPRESARIAL DE NANTES (R. de entrada nº 8906 do 23/11/10): Polo voceiro do Grupo Municipal Mixto, D. José-Luis Rodríguez Lorenzo, dáse lectura a moción que literalmente di:

“””” José L. Rodríguez Lorenzo, representante de VIPS (Veciños Independientes Por Sanxenxo) en la Corporación manifiesta:

El pasado 21, unas tres mil personas, de Salvaterra y de las localidades vecinas, convocados por el alcalde y al que acompañaban los regidores de As Neves y Pontearreas, demandaron la instalación de la fábrica de baterías de Mitsubishi en el polígono existente en esa localidad.

Es evidente que esos regidores, conscientes de lo que supondría para los vecinos a los que representan la que sería la primera y la mayor fábrica de Mitsubishi en Europa, de baterías de litio, con una inversión de más de 500 millones de euros, con una capacidad productiva de un millón de unidades anualmente y que daría empleo a más de 1.500 personas, esos regidores dedican su tiempo y energías a defender los intereses de sus ciudadanos no gastando las energías en luchas intestinas y en borrar pintadas con el único interés puesto en mantener la poltrona.

Afortunadamente sí hay vecinos del municipio que lo están intentando, luchando contra todo y principalmente contra el interés de los políticos que nos rigen, a nivel provincial y autonómico, para que dicha planta se instale en Salvaterra.

El indudable beneficio que la instalación de esa factoría en el Polígono de Nantes tendría para los vecinos del municipio y los limítrofes sería indudable, sobre todo en esta época de crisis a la que no se vislumbra su fin, que beneficiaría a todas las actividades productivas y de servicios, al margen de lo que sería lo más importante, la creación de esos 1500 puestos de trabajo directos a medio plazo, pero bien saben otros políticos que dicha cifra se multiplicará por tres en unos años.

Desde VIPS entendemos que es una auténtica irresponsabilidad que desde el Gobierno Municipal no se hayan tomado medidas en apoyo de ese intento, ese esfuerzo, que están realizando algunos ciudadanos para conseguir la Mitsubishi se instale aquí.

Si otros organizaron manifestaciones de apoyo dentro de su propio municipio a pesar de que una sentencia tiene en suspenso su polígono, (se puede considerar que legalmente no existe, por sentencia), en Sanxenxo también podemos organizar, contando con los propietarios del Polígono, manifestaciones de apoyo a efectuar delante de la Consellería de Industria en Santiago, o la delegación de Pontevedra. Si de VIPS dependiese el gobierno municipal, mañana mismo desplazaríamos el municipio a Santiago de Compostela.

Invirtamos algo más que voluntad y comentarios, pongamos encima de la mesa ofertas económicas, desgravaciones, “pelea” en equipo, etc., pero no perdamos lo que sería la mayor inversión que el concello puede hacer en este siglo: TRAER “VIDA” PARA EL MUNICIPIO.

Hagámosle Saber a la Xunta que no es jugar limpio el querer instalar dicha fábrica en un polígono que por sentencia firme, legalmente no existe a día de hoy.

Además de lo anterior, sometemos a la consideración de la Corporación las siguientes MOCIONES:

QUE SE SOLICITE DE LA SECRETARIA Y DE LA INTERVENCIÓN MUNICIPALES LA REDACCIÓN DE UN INFORME DE LAS CONCESIONES FISCALES Y ECONÓMICAS QUE PODRÍAMOS HACER PARA QUE SE INSTALASE LA FACTORÍA DE BATERÍAS DE LITIO EN EL POLÍGONO DE NANTES.

QUE SE TOME EL ACUERDO DE SOLICITAR DE LA DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA QUE HAGA PÚBLICOS LOS BENEFICIOS FISCALES Y

ECONÓMICOS QUE PUEDE OFRECER AL CONCELLO DE SANXENXO TENDENTES A LA INSTALACIÓN DE LA FACTORÍA DE BATERÍAS DE LITIO EN EL POLÍGONO DE NANTES.

QUE SE ACUERDE DAR EL APOYO A LOS PROPIETARIOS DEL POLÍGONO EMPRESARIAL DE NANTES, EN "TODO AQUELLO" QUE DENTRO DE LAS POSIBILIDADES MUNICIPALES SEAN MEDIDAS TENDENTES A LA CONSECUCCIÓN DEL EMPLAZAMIENTO EN SANXENXO DE LA FÁBRICA DE MITSUBISHI. Entre dichas medidas, la de que persona capacitada para este tipo de negociaciones, en representación del concello, haga equipo con los representantes del polígono empresarial."''''''

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto, empezou dicindo** que no día de hoxe xa se debateron mocións presentadas moito despois de esta, razón pola que considera que hai que cambiar o regulamento orgánico. En canto a xustificación da urxencia o interviniente baseouna na oportunidade que supón para este concello a instalación dunha empresa que se xeraría aproximadamente 1500 traballos directos e outros alcaldes como o de Salvaterra o está facendo, está mobilizándose, aquí tamén, habería que facelo, engadiu que coñecía que despois de Salvaterra o parque empresarial preferido pola "Mitsubihsi" e o de Sanxenxo polo que cómpre facer tódolos esforzos posibles.

A **Sra. Alcaldesa** indicou que votaría en contra da urxencia porque de conversas realizadas o único que lle pediron foi discreción, xa que con declaracións públicas o unico que se podería conseguir era que ao final a empresa ni tan sequera se instalara en Galicia. Tamén dixo que ela había participado nunha comida con representantes da empresa e que xa se saben as condicións necesarias para a instalación, pero que o mellor neste momento é non dicir absolutamente nada.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do BNG**, abogou por votar a favor da urxencia porque, independentemente, de estar a favor ou non da moción era interesante coñecer o posicionamento dos diversos grupos neste asunto.

Ao non producirse máis intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a moción a votación, acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 6 (Grupo Municipal do BNG, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 9 (Grupo Municipal do PP).

En consecuencia, non resultou aprobada a moción.-----

ROGOS :

1º) O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do BNG**, solicitou máis axilidade á hora de facilitarlles a documentación que solicitaban, nomeadamente unha pedida á xerencia de urbanismo, porque non sempre é xustificable esta tardanza no extravío dos documentos.-----

2º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO DO 25/11/10 (R. DE ENTRADA NÚM. 9074) : Pola voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, Dna. Dulcinea Aguín Pombo, dáse lectura ao escrito que literalmente di:

“””””**ROGO** que formula **Dna Dulcinea Aguín Pombo**, voceira do PsdeG-PSOE do Concello de Sanxenxo, ó abeiro do disposto no artigo 97/6 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en relación co art. 56.2 da Lei de Bases de Réximen Local.

Nos accesos a zona de aparcamento do Centro de Saúde do Revel de Vilalonga atópanse unhas columnas de formigón que dificultan os accesos e son moi perigosos para os vehículos e para os viandantes. Adxuntamos fotografía.

ROGO: que por parte desta Alcaldía se fagan tódolos trámites necesarios para subsanar as mencionadas deficiencias.”””””-----

3º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO: Pola voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, Dna. Dulcinea Aguín Pombo, dáse lectura ao escrito que literalmente di:

“””””**ROGO** que formula **Dna Dulcinea Aguín Pombo**, voceira do PsdeG-PSOE do Concello de Sanxenxo, ó abeiro do disposto no artigo 97/6 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en relación co art. 56.2 da Lei de Bases de Réximen Local.

No paseo de madeira en Portonovo, na Sacurtiña, hai unhas táboas de madeira rotas, tapadas cunha valla metálica e pedras, sendo un grave perigo para os viandantes que transitan pola mencionada zona.

ROGO: que por parte desta Alcaldía se fagan tódolos trámites necesarios para subsanar as mencionadas deficiencias.”””””-----

4º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO: Pola voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, Dna. Dulcinea Aguín Pombo, dáse lectura ao escrito que literalmente di:

“””””**ROGO** que formula **Dna Dulcinea Aguín Pombo**, voceira do PsdeG-PSOE do Concello de Sanxenxo, ó abeiro do disposto no artigo 97/6 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en relación co art. 56.2 da Lei de Bases de Réximen Local.

Ó carón do Muíño de Barbeito, cos últimos temporais, cairon unha serie de árbores que impiden o acceso ó mesmo. Asimesmo existe moita maleza polo que urxe a limpeza do mesmo. (Adxuntamos fotografía).

ROGO: que por parte desta Alcaldía se fagan tódolos trámites necesarios para subsanar as mencionadas deficiencias.”””””-----

5º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO DO 19/10/10 (R. DE ENTRADA NÚM. 7995): Polo voceiro do Grupo Municipal Mixto, D. Jose-Luis

Rodríguez Lorenzo, dáse lectura ao escrito que literalmente di:

“”””José L. Rodríguez Lorenzo, concejal representante de **VIPS (Veciños Independientes Por Sanxenxo)** en la Corporación, expone:

Ninguna empresa se puede mantener en el mercado si su actividad no resulta rentable, o no la ejerce.

Las reuniones de estudio (comisiones informativas), de la Xerencia municipal de Urbanismo dejan bien claro que el municipio está apagado, casi “muerto”, sin que por parte del concello se tome ninguna iniciativa que nos lleve a estar preparados para el inicio de la reactivación económica, además de ayudar a la misma. En dichas reuniones hay días en los que poco mas se hace que informar licencias de primera ocupación, a viviendas unifamiliares.

En nuestro municipio tenemos bolsas de suelo calificadas como PEI o SU que durante su desarrollo fueron paralizadas, amordazadas, como consecuencia de las suspensiones cautelares ejercidas a través de la ley 6/2007 y, posteriormente por la Orden de 14 de mayo de 2009, ahora levantadas algunas por el acuerdo de aprobación inicial del POL. **Queda demostrado que los políticos hacen y deshacen a su antojo, se le retiró legalmente a decenas de miles de parcelas la potestad de desarrollo, para mas tarde volver a concedérsela, todo ello sin responsabilidad de ningún tipo: Mas de tres años de vida económica perdida porque le dio la gana a los gobernantes.**

Pues bien, en Sanxenxo, dentro de esos suelos que hoy en día tienen posibilidades reales de desarrollo se encuentran algunos de los que fueran inicialmente paralizados, y algunos mas, para los que están sus propietarios solicitando su desarrollo, a pesar del momento económico actual. **Unos y otros deben tener el apoyo del concello, toda la colaboración, empuje y facilidades. Estamos hablando del trabajo y la economía de nuestros vecinos.**

Le exponíamos anteriormente el poco trabajo que se desarrolla en la Xerencia de Urbanismo, **incluso por debajo del que teníamos cuando el urbanismo y las licencias de apertura lo llevaban un arquitecto, una funcionaria, el secretario municipal y poco mas.** En la Xerencia, a día de hoy tenemos una plantilla adscrita que suma 16 trabajadores y con unos costos en sueldos que van desde los 18.000 euros a los más de 66.000 euros. Siendo el montante anual de los sueldos 554.277 € (mas de 92.000.000 de Ptas), a los gastos anteriores hay que sumarle 43.221 € de alquileres, más el mantenimiento del edificio, lo que nos hace sobrepasar los 600.000 euros, **100.000.000 de pesetas anuales.** Esta cantidad dando licencias de primera ocupación para viviendas unifamiliares, y poco mas, es una ruina para nuestros vecinos.

Es desesperante escuchar algo como lo pronunciado pro usted en la Xerencia de urbanismo durante el estudio de los expedientes 171/10 y 172/10: ***“las cesiones para viales en suelo de núcleo rural, Ordenanza 12, no computan para la edificación”***, ¿y Usted, que es quien lleva realmente el urbanismo en Sanxenxo, se atreve a sentarse delante de alguien para hablar de urbanismo??, le tuvimos que corregir todos, incluso un compañero suyo. Se expresa usted dando a entender tanta seguridad, que se convierte pasto, alimento, de lo irrisorio.

Usted están llevando a la agonía el municipio, lo más sensato es que se marche y deje que la Xerencia y el municipio lo impulsen otros con algo más de capacidad, y verdad en sus palabras.

Su trayectoria como alcaldesa se resume con una frase: Es legal que usted sea Alcaldesa; pero es injusto para el municipio.

Y una última cosa: Las leyes, ordenanzas, decretos, normas, etc., sin faltarle a

las mismas están para interpretarlas a favor de los vecinos, nunca para amordazar las iniciativas que es lo que hace usted cada vez que una de la citadas le deja un resquicio para hacerlo. Dentro de la Ley, procure echarle la mano siempre al ciudadano, y si lo contrario es produce por culpa de los técnicos, simplemente póngalos donde les corresponde.

Esto todo se lo podía exponer, en un pleno y de palabra, pero en la seguridad de que volvería a tergiversar, falsear, mis palabras, de esta forma lo hago, al tiempo que le hago el siguiente **Ruego**:

Independientemente del gasto, **¡dinamice la Xerencia, póngala a desempeñar aquello para lo que fue implantada pues a día de hoy está muerta, impulsemos el desarrollo del municipio, que es lo mismo que impulsar la economía de nuestros votantes y sus familias y de los cuales algunos solo se acuerdan en las elecciones!**”””””-----

6º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO DO 26/10/10 (R. DE ENTRADA NÚM. 8149): Polo voceiro do Grupo Municipal Mixto, D. Jose-Luis Rodríguez Lorenzo, dáse lectura ao escrito que literalmente di:

“””””José L. Rodríguez Lorenzo, representante de **VIPS (Veciños Independientes Por Sanxenxo)** en la Corporación, manifiesta:

En el siglo y año en el que vivimos, y mucho mas en un municipio sobre el cual Ustedes se pronunciaron varias veces diciendo: **“Sr. Rodríguez, este concello es rico, no como cuando usted era alcalde”** (consta en actas plenarios), no se puede permitir que varias viviendas y negocios se encuentren sin conexión al alcantarillado general. Si nos dicen que el municipio **“es rico”** deben darle inmediatamente una solución, de lo contrario pensaremos que quieren castigar a esos vecinos, o que mentían sin importarles que la misma figurase en acta.

Antes que nada recordarle una cosa que ya se le dijo por VIPS durante un pleno, **“Un municipio es rico cuando sus vecinos tienen todos sus servicios, todo lo que necesitan”**. Ahora le decimos: un municipio nunca será rico, aunque regale el dinero, mientras los propietarios de una sola de sus viviendas necesite conectarse al alcantarillado y no pueda hacerlo por falta del mismo.

Nos referimos a un tramo de alcantarillado en Soutullo que lleva realizado varios años, tiene unos 800 metros de tuberías y no se puede utilizar por no estar conectado al sistema general, o sea, que no tiene salida por lo que los inmuebles no pueden ser conexiónados. La obra que hace falta realizar para dejarlo en uso es aproximadamente de unos 400 metros, la mitad de lo que realizaron hace años. Desde VIPS no entendemos ese derroche de dinero, que raya entre lo cómico y la amargura al no rematar la obra. Como decíamos está situado en Soutullo y discurre desde el número 87, aproximadamente, hasta el Asador A Illa.

Lo que realmente hace falta es llegar a un acuerdo con los propietarios de los terrenos por donde debe continuar dicho saneamiento, algo que ya se tenía que haber hecho antes de gastar el dinero en esos más de 800 metros sin que haya servido para nada. Una más de las que nos tiene acostumbrados el Grupo municipal del Partido Popular de Sanxenxo, con el dinero de los vecinos.

Con el inicio de esta obra y no remate, no solo han puesto de manifiesto que improvisan, que no saben negociar ni planificar, también que son muy malos gestores del dinero público.

Señores del gobierno municipal, pónganse a negociar con los propietarios de los terrenos, háganlo partiendo de una condición: que para ganar hay que saber ceder. Y que ningún vecino debe ser perjudicado para evitarle un mayor gasto el concello.

Por todo ello les hacemos el siguiente **RUEGO**:

Negocien con los propietarios de los terrenos, e independientemente del resultado, realicen el proyecto y aporten una partida suficiente en los presupuestos de 2011 para dotar de dicho servicio a los inmuebles de esa zona del municipio, con bombeo si no hubiese otra solución, tal y como están muchos miles de viviendas en el municipio pertenecientes a familias que no tienen mas derechos que las que en este caso demandan dicho servicio.-----

7º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO DO 19/10/10 (R. DE ENTRADA NÚM. 7996): Polo voceiro do Grupo Municipal Mixto, **D. Jose-Luis Rodríguez Lorenzo**, dáse lectura ao escrito que literalmente di:

-----”José L. Rodríguez Lorenzo, concejal representante de **VIPS (Veciños Independientes Por Sanxenxo)** en la Corporación, manifiesta:

En Pedreiras, Gondar, Vilalonga tenemos una pista que se conoce por “pista de Pedreiras que partiendo de la carretera general pasa por delante del hotel Pinar y nos lleva hasta el municipio de Meaño.

Esa pista está asfaltada hasta poco más allá de la casa de un exconcejal, luego tiene unos 90 metros sin dicho firme para rematar sus últimos 50 metros asfaltados por el ayuntamiento de Meaño que se interesó mas por nuestros vecinos que Ustedes a pesar de estar manifestando reiteradamente que “**somos un concello rico**”. De esa forma, a través de Meaño pueden llegar a las viviendas por ese otro extremo, pisando sobre firme asfaltado.

Vecinos de ambos lados del tramo que está sin asfaltar, nos han solicitado que demandemos de nuestros gobernantes su “adecentamiento”, estando dispuestos a colaborar en las cesiones de los terrenos para su ensanche y asfaltado.

Como, en los tiempos en que vivimos y haciéndolo en e primer municipio turístico de Galicia, no podemos permitir que nuestros vecinos para llegar en vehículos a sus casas tengan que hacerlo a través de otro municipio (o rascar sus coches contra la maleza por el tramo que está sin asfaltar), incluso a pie cuando llueve para no mancharse en lo terroso.

Para después de mayo del 2011 no seamos otros los que asfaltemos dicha pista, cosa que haríamos de inmediato, es por lo que solicitamos de Ustedes a través del siguiente **RUEGO**:

Que se empiece a negociar con los vecinos del lugar de Pedreiras, propietarios del tramo correspondiente a esos 90 metros, par dotar de asfalto dicha pista y que todos podamos circular por la misma en coche, o a pie, cualquier día del año.

También les recordamos lo solicitado otras veces, el asfaltado por primera vez, al igual que la anterior, de la Pista denominada “**Camiño da Bouza**, o también, “Camiño Eira Vella”, situado **en el lugar de Buezas (frente al número 27 A) de la parroquia de Nantes.**-----”

8º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO DO 07/10/10 (R. DE ENTRADA NÚM. 7720): Polo voceiro do Grupo Municipal Mixto, **D. Jose-Luis Rodríguez Lorenzo**, dáse lectura ao escrito que literalmente di:

-----”José L. Rodríguez Lorenzo, concejal representante de **VIPS (Veciños Independientes Por Sanxenxo)** en la Corporación, manifiesta:

Estos días durante una visita a Dorrón, ejerciendo como oposición, hemos tenido varias demandas de los vecinos, algunas las hemos trasladado a los servicios correspondientes y otros lo hacemos a Usted por ser cuestiones a resolver presuntamente, o fuera de las faenas habituales de los servicios del concello.

El alumbrado de la carretera general, en Barreiro se enciende muy tarde, en plena oscuridad, cuando el grueso de los vecinos se encuentran recogidos, **nos solicitan que demandemos sea adelantado el encendido entre 45 y 60 minutos.**

La fuente Lavadero ubicada en el lugar de Barreiro, al lado del inmueble número 41, nos han descrito la misma situación que hace muchos meses y lo cual hemos comprobado. **El lugar que ocupan las personas que lo utilizan se encharca constantemente, es tanta el agua que allí hay que se hace difícil su utilización, es imprescindible realizar un nuevo desagüe mas profundo para alejarla del lugar.**

Pero lo que realmente les preocupa a los vecinos (algo que ya les hicimos saber hace meses), es que los apoyos sobre los que se sostiene la cubierta están resquebrajados, y dada su situación al lado de una pista asfaltada y de paso diario de vehículos que pueden llegar a rozarla, por estar en una curva. **Es fácil que en cualquier momento se caiga sobre la fuente-lavadero; el daño podría ser mortal si alguien se encuentra utilizándolo. La responsabilidad absoluta sería de quienes tenemos la obligación de repararla, y no tomamos ninguna medida.**

Por todo lo anterior, por el gran uso que tienen dicho patrimonio, además del peligro mencionado, presentamos el siguiente RUEGO, a demanda de los vecinos:

Se tomen las medidas necesarias para resolver lo anteriormente relacionado, dando trato de urgencia (después de una visita de los técnicos que aconsejen como hacerlo), al lavadero de Barreiro, por el peligro que puede tener si se derrumba. Además de lo requerido anteriormente para el alumbrado. """"-----

PREGUNTAS :

1º) O Sr. Otero Domínguez, concelleiro do Grupo Municipal do BNG, indicou que na prensa se recollía unha visita do conselleiro de infraestruturas ao Concello de Poio onde se comprometeu a que sairía adiante a depuradora que daría servizo a Poio e Sanxenxo, preguntando á Sra. Alcaldesa se coñecía onde se ía instalar a depuradora posto que dixo en Dorrón que non se situaría na franxa litoral de Dorrón. O interviniente engadiu que como tampouco parecía lóxico que fora para Paxariñas e polo que pregunta sobre a súa futura localización.

A Sra. Alcaldesa contestou que o plan director de saneamento recolle a opción de ampliación da depuradora de Paxariñas, lembrando que ela sempre defendeu que non se instalara en Dorrón posto que serviría para dar servizo a Raxó e tan solo un pouco para Dorrón, o que non considera importante para o Concello de Sanxenxo, engadindo que se están a buscar alternativas que dependerán da dispoñibilidade de terreos e da capacidade de Paxariñas.

O Sr. Otero Domínguez preguntou entón se vería factible que

finalmente se saneara toda a zona de Raxó e a da liña da costa a través de Paxariñas, contestando en sentido favorable a **Sra. Alcaldesa** que ademais indicou que no novo anteproxecto se terán que recoller as necesidades do saneamento, engadindo que Sanxenxo sería o único concello que ía a ter tres depuradoras, a de Paxariñas, a nova e o 57% da de Meaño.-----

2º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO DO 15/10/10 (R. DE ENTRADA NÚM. 7944) Pola voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, **Dna. Dulcinea Aguín Pombo**, dáse lectura ao escrito que literalmente di:

“””””Dona Dulcinea Aguín Pombo, voceira do PsdeG-PSOE no Concello de Sanxenxo, ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula a seguinte **PREGUNTA**

Dende fai meses na estrada das Salinas, na parroquia de Noalla, a Lanzada existía pintado un paso de peóns, moi demandado durante moito tempo, que serve para cruzar todos os vecinos de Noalla así coma os miles de turistas que se atopan aloxados nos numerosos establecementos hoteleiros que se atopan na zona.

1º ¿Cal é a razón pola que se borrou o paso de peóns na estrada das Salinas?.

2º ¿Quen ordenou o borrado do mesmo?.

3º ¿Teñen pensado algunha solución o problema que ocasiona a eliminación do paso de peóns (colocación dun semáforo, unha pasarela, etc) Si é así pode darnos os prazos nos que se vai levar a cabo tal medida e dar unha solución o problema orixinado pola eliminación do paso de peóns?.”””””

A **Sra. Alcaldesa** contestou que os pasos de peóns se borraron porque non cumprían as condicións técnicas esixidas, nese senso se requiriu ao concello o borrado, e ao non facelo el o realizou a consellería, estándose a estudar agora as posibilidades técnicas para que dentro da legalidade vixente se instalen uns novos pasos de peóns, tendo en conta ademais que a construción dunha pasarela non é solución dada a gran cantidade de xente maior que cruza a estrada.-----

3º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO: Pola voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, **Dna. Dulcinea Aguín Pombo**, dáse lectura ao escrito que literalmente di:

“””””Dona Dulcinea Aguín Pombo, voceira do PsdeG-PSOE no Concello de Sanxenxo, ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula a seguinte **PREGUNTA**

Onte leíamos nos medios de comunicación que durante a visita realizada o pasado sábado polo Conselleiro de Infraestructuras, Agustín Hernández, o Concello de Poio comprometeuse a sanear unha serie de zonas no Concello de Poio, donde manifestou que a Xunta está traballando na búsqueda dunha ubicación axeitada que recollerá as augas residuais de Raxó, e parte de Sanxenxo. Hernández dixo: “Temos a idea de buscar un emprazamento que permita levar o vertido fora da ría: se está traballando conxuntamente co Concello de Sanxenxo.

En calqueira caso a solución na que traballa a Xunta supón levar de Poio a

Sanxenxo a ubicación da depuradora de residuais.

¿Pode dicirnos cales son as ubicacións posibles da depuradora de augas residuais coas que están traballando coa Xunta de Galicia e os prazos?""""

A **Sra. Alcaldesa** sinalou que esta pregunta xa se atopaba contestada coa resposta que lle deu ao Sr. Otero Domínguez sobre este mesmo tema anteriormente.-----

4º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO: Pola **voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, Dna. Dulcinea Aguín Pombo**, dáse lectura ao escrito que literalmente di:

""""Dona Dulcinea Aguín Pombo, voceira do PsdeG-PSOE no Concello de Sanxenxo, ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula a seguinte **PREGUNTA**

No último pleno ordinario presentamos unha moción solicitando a integración no Proxecto Pío. Por parte de grupo de goberno rexeitouse a mencionada moción pero a Alcaldesa comprometeuse a remitir o contido da mesmo a "Turismo de Sanxenxo" para que fixera as xestións oportunas.

¿Pode dicirnos si se fixeron a día de hoxe algunhas xestións por parte de Turismo de Sanxenxo"? Si é así, ¿cales i existe algún documento que certifique as devanditas xestións?""""

A **Sra. Alcaldesa** contestou que se trasladará a súa pregunta a "Turismo de Sanxenxo" para que se conteste á mesma.-----

5º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO: Polo **voceiro do Grupo Municipal Mixto, D. José-Luis Rodríguez Lorenzo**, dáse lectura ao escrito que literalmente di:

""""Todos sabemos que el grado de satisfacción entre los administrados del municipio de SANXENXO, es cada vez mayor y para medirlo uno de los termómetros es el que, independientemente del resultado de las mismas, nos da en número de demandas presentadas en contra del concello.

VIPS, tiene conocimiento de la presentación de una querrela contra la alcaldesa y tres personas mas adscritas a la Xerencia Municipal de Urbanismo. La misma parece que lo es por UN PRESUNTO DELITO DE PREVARICACIÓN Y COHECHO.

Por lo anterior, le hacemos la siguiente **PREGUNTA:**

Puede informarnos la Alcaldesa si, a **día de hoy** 29 de noviembre, entró por registro municipal acreditación de lo expuesto?""""

A **Sra. Alcaldesa** contestou que non tiña coñecemento do inquerido polo Sr. Rodríguez Lorenzo nesta pregunta.-----

E non habendo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia da por rematada a sesión sendo as vinte e tres horas e quince minutos, de todo o que, eu Secretario, **DOU**

FE :

